



AS LINGUAS SON DE QUEN AS HABITA

María Victoria Moreno é un estupendo exemplo de que as linguas son de quen decide habitalas. Logo de nacer en Estremadura e pasar a infancia e parte da mocidade por terras de Castela, Cataluña e Madrid, en 1963 chegou a Galicia. Axiña foi consciente de que a mellor maneira de integrarse en calquera lugar é mergullándose na súa cultura. Pero María Victoria foi máis aló: decidiu facela súa.

Aprendeu o galego escoitándoo e lendo obras clásicas da nosa literatura. En plena ditadura e nun tempo no que o idioma propio estaba fóra das escolas, María Victoria converteuse nunha auténtica activista que impartía desinteresadamente cursos para que as persoas puidesen aprender a nosa lingua.

O compromiso de María Victoria era a tempo completo e o galego pasou a ser a súa primeira lingua. Nunha entrevista explica o porqué desa elección:



Escribo en galego porque amo Galiza, porque Galiza me deu moito, porque penso en galego.

(María Victoria Moreno)

Como boa filóloga, María Victoria amaba a diversidade lingüística. Sabía que cada idioma, independentemente do número de falantes, é un xeito único de interpretar o mundo.



Filóloga:

persoa que estuda a lingua e a literatura dun pobo ou dun grupo de pobos a través dos seus textos escritos.



A autora á que este ano lle dedicamos o Día das Letras Galegas apreciou as linguas e tamén a principal manifestación artística das mesmas: a literatura. Como profesora procurou que o seu alumnado coñecese obras que consideraba indispensables. Explicao así Xesús Alonso Montero, ex-presidente da Real Academia Galega e compañeiro de docencia de María Victoria:

Decidiu que falasen poetas case sempre silenciados: Antonio Machado, García Lorca, Luis Cernuda, Miguel Hernández... e tamén Rosalía, Curros Enríquez, Cabanillas e os novísimos da poesía galega (Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo, Fiz Vergara Vilariño...). Ignoro cantos alumnos descubriron, oíndo a profesora, que eles tamén podían ser escritores, pero sei, de boa fonte, que centos e centos de escolares descubriron nas súas clases o pracer e a necesidade da lectura. María Victoria foi, en Galicia, unha fábrica de letraferidos.



Cando fomentamos a diversidade lingüística protexemos un patrimonio cultural que pertence a toda a humanidade. Isto entendeuno ben a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) que en 1999 acordou instaurar un Día Internacional da Lingua Materna. Dende entón, cada 21 de febreiro celébrase esta xornada en todo o mundo para lembrarnos a importancia de preservar os idiomas propios e de coñecermos outros.

Falando de diversidade lingüística: sabías que se estima que existen algo máis de sete mil idiomas diferentes no noso planeta?



ACTIVIDADE:

Propoñémosche un xogo: serías quen de dicir a que continente pertence cada unha destas linguas?

	AMÉRICA	EUROPA	ÁFRICA	OCEANÍA	ASIA	ANTÁRTIDA
Quechua						
Aimara						
Finés						
Malgache						
Suahili						
Bretón						
Tiwi						
Tamil						
Corso						

O galego é unha das sete mil linguas que existen no mundo. Un idioma que construímos colectivamente ao longo de séculos e que é a nosa máis grande contribución á cultura universal:

Memorias dun neno labrego, o libro que publicou Xosé Neira Vilas en 1961, é o máis vendido da historia da literatura galega. Calcúlase que polo mundo circulan máis de 600.000 exemplares traducidos a diversos idiomas.

Hoxe en día a lingua e a literatura galegas estúdanse en universidades de países tan dispares como Alemaña, Brasil, Finlandia, Rusia, Estados Unidos, Francia, Italia ou Hungría.

Os documentos máis antigos escritos en lingua galega que se coñecen datan do século XIII.

Os primeiros recursos en galego que se publicaron en Internet datan de 1994 e creáronse no lectorado galego de Aberystwyth (Gales).

Aínda que hai emisións radiofónicas en galego anteriores, a primeira programación estable comezou a emitirse na primavera de 1947 dende a BBC de Londres.

